



(CAMBRE)

MEMORIA CURSO 2022 - 2023



Neste curso escolar o proxecto o "**Horto escolar ecolóxico e sostible**", volveu a ter gran acollida xa que participaron 16 titorías, sendo un total de preto de 320 alumnos/as.

A través do horto escolar queremos propiciar experiencias que fomenten a aprendizaxe significativa e o desenvolvemento de habilidades dos nosos alumnos. Traballaremos mediante actividades relacionadas cos hábitos saudables, o medio ambiente e unha alimentación sa.

Todas as nosas actividades e experiencias irán encamiñadas a conseguir os seguintes obxectivos:

- Fomentar valores e actitudes positivas cara ao medio ambiente.
- Coñecer algunhas técnicas básicas do cultivo ecolóxico.
- Seguir facilitando ao alumnado experiencias prácticas sobre o proceso de plantación, crecemento, coidado e recolección de especies hortícolas.
- Utilizar e coñecer ferramentas útiles para a horta.
- Fomentar hábitos de nutrición e consumo saudables.
- Concienciar da necesidade de protexer o medio ambiente, en concreto a loita **contra os residuos plásticos**.

MATERIAIS

- Abono orgánico.
- Rasillóns, para renovar e ampliar os bancais.
- Sementes.
- Plantóns.
- Reposición do material necesario para facer a plantación e mantemento.
- Cortiza de piñeiro.
- Terra de diatomeas para a prevención de plagas.



ACTIVIDADES REALIZADAS

- 1.** Ampliación e reparación dos bancais con rasillóns de cerámica.
- 2.** Sementamos e plantamos: leitugas, patacas, acelgas, tomates cherry, espinacas, cebolas, espárragos, faballóns, repolos, cenorias, cabazas, remolachas e allo-porros.
- 3.** Mellorouse o hotel de insectos.
- 4.** Practicamente o cen por cen dos alumnos participantes levaron a súa leituga para a casa .
- 5.** Preparáronse os bancais con terra de orixe ecolóxica para que os nenos puidesen posteriormente saír a colocar os plantóns e as sementes.
- 6.** Parte da colleita formou parte do menú do comedor escolar.

PLANTACIÓN NO HORTO ESCOLAR - CHÍCHAROS

ALUMNADO DE 5º A e 5º B. 2022 - 2023



OBXECTIVOS:

- Coñecer de preto o proceso de crecemento dun vexetal que consumen habitualmente: o chícharo.
- Familiarizarse cos coidados habituais dun pequeno horto.



ACTIVIDADES REALIZADAS:

- Plantación das sementes nos sementeiros.
- Transplantado das pequenas plantas de chícharos.
- Atención á plantación: retirada das malas herbas, regado, colocación de paus para guiar a planta.
- Investigar o ciclo da planta en cuestión.
- Investigar as propiedades do chícharo como alimento.
- Buscar receitas con este ingrediente.
- Colleita e proba dos chícharos



ACTIVIDADE: TRABALLAMOS COAS PLANTAS! 1ºB CURSO 2022-2023

1. OBXECTIVOS

- Identificar as plantas como seres vivos.
- Recoñecer a necesidade de auga na medida xusta e sol para o crecemento da planta.
- Comprender o proceso polo que as sementes agroman.

2. ACTIVIDADES

- Sementamos leitugas no invernadoiro do horto para o seu consumo no comedor escolar unha vez crecidas.




- Experimentación: plantexaron como hipótese que a semente, para agromar, debía ter auga suficiente e luz do sol. Para iso, puxemos unhas sementes de fabas en algodón a carón da ventá .
Dous vasos eran de control, un regado de menos e outro de máis, para comprobar que a cantidade de auga debe ser a correcta.
Despois dun tempo, vimos que as sementes de control iban pudrindo mentres que as outras iban agromando e botando planta.
Conclusión: a luz e a auga en medida correcta son necesarias para as plantas.



E TEMOS AS NOSAS PLANTAS DE FABAS!!!






Clase de 3º B: Os allos-porros

Obxectivos:

- Observar as diferentes fases de crecemento dunha planta.
- Aprender a coidar e diferenciar as distintas especies do noso horto.
- Promover hábitos de alimentación e consumo saudables.





Tarefas realizadas:

- Preparar a terra do bancal e abonar.
- Plantar os allos-porros no bancal correspondente a nosa aula.
- Regar con frecuencia e retirar as malas herbas.
- Recoller a colleita de allos e entregalas no comedor do centro para que formen parte do menú.



GRUPO DE 3°C(2022-2023)

Objetivos:


- Planificar e realizar actividades en grupo.
- Emplear o horto como lugar de aprendizaxe.
- Aprender a cultivar alimentos por si mesmos.
- Fomentar dietas saudables con produtos do horto.



FASES DOS NÓSOS TRABALLOS:

1. Limpeza do noso bancal
2. Remover a terra.
3. Abonar.
4. Plantamos leituga e patacas.
5. Establecemos quendas para regar, cando era necesario.






Plantación realizada pol@s nen@s de 4ºB

Obxectivos:

- Diferenciar entre os distintos vexetais que chegan da agraria.
- Retirar as malas herbas para preparar a terra no bancal.
- Manipular os distintos substratos para plantar.
- Remexer a terra para sembrar os vexetais .
- Observar as diferentes fases de crecemento da plantación realizada.
- Aprender a coidar o noso bancal e a diferenciar as distintas hortalizas do noso horto que van crecendo.
- Investigar sobre a importancia de levar a cabo unha dieta saudable incorporando verduras e froitas.
- Recoller os produtos do horto cando estén na fase da colleita.





Actividades realizadas:

1. Prepararon a terra para realizar a plantación das espínacas, leitugas e espárragos.
2. Plantaron espínacas no bancal exterior.
3. Plantaron leitugas no bancal interior.
4. Plantaron espárragos no bancal exterior.
5. Durante a semana coidaron o horto, regando e quitando as malas herbas que ían aparecendo coas ferramentas axeitadas.
6. Investigaron sobre dietas saudables coas verduras que plantaron.
7. Recolleron os produtos cultivados e probáronos no comedor escolar e na casa.





GRUPO 3º A

OBXECTIVOS

- . Identificar as plantas como seres vivos.
- . Coñecer as características das plantas das que nos alimentamos.
- . Recoñecer as necesidades básicas das plantas para desenvolverse no medio.
- . Observar as diferenzas entre as distintas especies vexetais.
- . Concienciar aos nenos e nenas da necesidade de realizar un uso razoable e sostible dos recursos naturais.
- . Promover hábitos de alimentación e consumo saudables e de respecto pola natureza.
- . Valorar os produtos locais que se venden nas feiras próximas á vila e comprender o baixo impacto ambiental destes produtos. (Aforro en transporte.....)


TAREFAS REALIZADAS


Traballamos a terra, fertilizámola e plantamos leitugas e remolachas para despois regalos e observar o seu desenvolvemento ao longo das sucesivas semanas.

Dous días á semana visitamos o horto para o seu mantemento: regar, arrincar malas herbas..... Os encargados de aula da semana eran os responsables do seu mantemento na hora do recreo.

Tamén plantamos fabas na aula para ver a súa evolución.







FABAS PLANTADAS NA AULA DE 3ªA.



O HORTO ESCOLAR **(Aula de 1º A-Curso 2022/2023)**

OBXECTIVOS:

- Identificar as plantas como seres vivos.
- Identificar as diferentes partes da planta: raíz e follas na planta das leitugas e raíz, talo, flores e froitos no caso dos amorodos.
- Recoñecer a clase de alimentos que se obterá do dous tipos de planta: verdura e froita.
- Recoñecer os coidados que precisan: traballo da terra, abono, auga e sol, ademais de manter limpa de malas herbas a terra.
- Aprender como se realiza o transplantedo da planta dunha maceta pequena a unha maior.
- Aprender e verificar a influencias da luz do sol no proceso de desenvolvemento dunha planta.
- Aprender a coidar unha planta.
- Promover o cultivo ecolóxico da horta, empregando medios naturais, como casca de ovo triturada para manter lonxe a caracois no caso das leitugas.
- Promover hábitos de alimentación saudable ao non se tratar con produtos químicos.
- Promover hábitos de reutilización para favorecer a menor produción de lixo.
- Valorar o traballo tradicional da agricultura e as plantas coma fonte de alimento.
- Respeitar o reino vexetal pola importancia para a vida.

ACTIVIDADES REALIZADAS:

No invernadoiro

1. Preparación da terra a traballar:

- Procedeuse á limpeza do bancal, retirando as malas herbas e removendo a terra para aireala.

2. Plantación:



- Realización dos buratos necesarios para introducir as plantas de leituga, considerando a distancia entre unha planta e outra, o que favorecerá o crecemento das plantas.
- Rego das plantas.



3. Seguimento:

- Nos días seguintes da plantación, deposítase casca de ovo triturada para protexer as plantas da acción de caracois e lesmas, promovendo así o cultivo sostible e ecolóxico.



- Realización dos regos necesarios para o desenvolvemento das plantas.
- Coidado e mantemento da terra libre de malas herbas.

4. Observación do proceso de crecemento dunha planta.



4. Recollida dos froitos:


- Todo o alumnado participante, puido levar á súa casa as leitugas cultivadas para degustalas nunha ensalada.



Valoración

Valoración moi positiva por parte de todo o alumnado, implicado no proceso do coidado dun ser vivo. Sendo conscientes do traballo tradicional desenvolvido, da agricultura, e da obtención de plantas coma fonte de alimento.

AULA DE 6ºB: BRÓCOLI E TOMATES CHERRY




OBXECTIVOS

- ❖ Promover o respecto polo medio ambiente e o traballo en equipo.
- ❖ Fomentar o coñecemento, interese e motivación polo horto escolar.
- ❖ Obter alimentos saudables.
- ❖ Adquirir experiencias prácticas no ámbito escolar e entroncar estas experiencias cos aspectos do currículo das diversas áreas.
- ❖ Inculcar o respecto ao medio ambiente.
- ❖ Sensibilizar ao alumnado na importancia de reciclar.
- ❖ Coñecer e empregar as ferramentas e materiais, as súas normas de utilización e limpeza.
- ❖ Investigar, descubrir e experimentar con diversos materiais.
- ❖ Observar os fenómenos atmosféricos da nosa contorna.

ACTIVIDADES

Actividades iniciais:

- ✓ Visita ao Horto do colexio. Explicamos as partes do horto e os seus elementos: invernadoiro, compostora, bancais, ferramentas,...
- ✓ Limpeza do bancal que nos corresponde: quitamos as malas herbas e botámolas á compostora explicando a súa función..
- ✓ Remover e botar fertilizante á terra.



Actividades posteriores:

- ✓ Facer os buratos na terra do bancal para a plantación.
- ✓ Plantar as prantas de brócoli e tomate cherry.
- ✓ Botar fertilizante e auga despois da plantación.
- ✓ Poñer cáscara de ovo para os insectos.



- ✓ Limpar as malas herbas.




- ✓ Observar durante os recreos o nivel de humidade da plantación e regar segundo o necesiten.



- ✓ Colleita do froito e preparación dun prato coa colaboración de Martín, o cocifeiro para o comedor.






AULA DE 5º B DE E. INFANTIL

OBXECTIVOS:

- Recoñecer as necesidades básicas das plantas.
- Coñecer o ciclo da planta da vide.
- Respetar e coidar as plantas.
- Reciclar distintos envases de plástico e cartón para facer semilleiros.
- Identificar alimentos de orixe vexetal e coñecer a súa procedencia.





DESENVOLVIMENTO:

1. Limpar e abonar o bancal do horto correspondente a nosa aula. .
2. Plantar leitugas no bancal e as vides nos maceteiros.
3. Visitar o horto para regar, quitar malas herbas e ver o crecemento das leitugas e outras hortaliças plantadas no horto.
4. Recolleita das leitugas.
5. Degustación de distintos tipos de ensaladas con leituga.



PLANTACIÓN DO HORTO REALIZADA POLO ALUMNADO DE 6ºA



Obxectivos:

- Preparar o bancal para realizar a plantación.
- Plantar e coidar a plantación.
- Coñecer o proceso de crecemento dalgunhas hortalizas e máis concretamente a dos faballóns.
- Facer unha procura de receitas que se poidan elaborar con faballóns.




Actividades realizadas:

- Retirar as malas herbas.
- Remover e airear a terra.
- Abrir os regos para a plantación.
- Abonar o terreo.
- Realizar a plantación.
- Manter e coidar a plantación: retirada de malas herbas e regado periódico.
- Investigar o crecemento dos faballóns.
- Buscar receitas nas que se poidan empregar os faballóns.



[Escribir texto]



AULA DE 6º B DE EDUCACIÓN INFANTIL


OBXECTIVOS:

- Ver e vivir as diferentes fases de crecemento dunha planta .
- Aprender a coidar e manter as necesidades das plantas en xeral.
- Diferenciar as distintas hortalizas do noso horto.



[Escribir texto]

[Escribir texto]



DESENVOLVIMENTO:

1. Plantar cenorias no bancal que corresponde á aula .
2. Plantar tomateiras e cabazas.
3. Visitar con frecuencia o horto para ver o crecemento das diversas hortalizas e facerlle os coidados necesarios ás nosas plantas.



[Escribir texto]



Plantación no horto de 6º C



Obxectivos:

- Promover o traballo cooperativo.
- Remover a terra, abonar , eliminar as malas herbas do bancal e regar a plantación segundo demanda.
- Identificar as diferentes especies plantadas.
- Observar as fases de crecemento da plantación.
- Formular hipóteses (por que morreu a plantación, motivos polos cales unha planta é mais grande ou pequena cas demais)
- Fomentar unha alimentación saudable e de proximidade.
- Elaborar receitas sinxelas co repolo e a cebola.

Actividades realizadas:

- Remover e abonar a terra.
- Sembrar as coliflores (a plantación morreu) , as cebolas e os repolos.
- Eliminación manual de malas herbas e regar.
- Recolección da colleita e elaboración de receitas.
- Investigación das causas do crecemento das plantas.

Plantación realizada pol@s nen@s de 4ºA

Obxectivos:

- Promover a Educación Ambiental na escola.
- Conseguir unha mellor relación entre o entorno que nos envolve a partir dun cambio de actitudes e valores no alumnado.
- Iniciarse nas tarefas agrícolas de traballo no horto.
- Coñecer as técnicas de cultivo da agricultura ecolóxica.
- Valorar a relación entre o medio natural e a nosa actividade humana.
- Coñecer o proceso de crecemento dalgunhas especies hortícolas.
- Manipular elementos como a terra, a auga e as sementes a través dunha experiencia enriquecedora.
- Coñecer e utilizar ferramentas e útiles propios para o traballo no horto.
- Darlle importancia ao coidado do noso bancal para obter del os beneficios esperados.
- Crear hábitos de boa saúde e nutrición incorporando na nosa dieta diaria as verduras e os froitos que nos da a terra.



Actividades realizadas no horto do noso cole:

1. Prepararon o bancal para plantar as espinacas mediante a eliminación das malas herbas .



2. Esparciron as sementes no bancal ,as taparon cun pouquiño de terra e a continuación regaron .



3. Durante varias semanas coidaron o horto, quitando as malas herbas que ían aparecendo co paso do tempo.

4. Investigaron na aula sobre as espinacas e as súas propiedades .

